

**ACTO ACADÉMICO INSTITUCIONAL DE CLAUSURA DOS ACTOS DO 50 ANIVERSARIO
DA LICENCIATURA DE MATEMÁTICAS NA USC E DA FESTIVIDADE DO SAN ALBERTE
MAGNO**

Aula Magna - Facultade de Matemáticas - 14 de novembro de 2008

Esbozo biográfico de RAMÓN MARÍA ALLER ULLOA
José Ángel Docobo Durántez

Naceu no Pazo de Filgueiroa (Lalín) o 3 de febreiro de 1878. Estuda bacharelato no colexio dos xesuítas da Guarda, ingresando posteriormente nos seminarios de Lugo e Santiago onde obtivo a licenciatura e o doutoramento en sagrada teoloxía.

Cursa Ciencias Exactas por libre nas Universidades de Oviedo e Madrid, rematando os seus estudos nesta última en 1904, na que tamén obtén o grao de doutor en 1943.

Nos primeiros anos do pasado século comeza a desenvolver a súa paixón astronómica co instrumental do que disputa: un anteollo de 67 mm que lle regalara a súa avóa materna e sobre todo o teodolito que recibiu en obsequio dunha amiga da familia, remitindo ao Observatorio de Madrid as observacións que efectuara tanto no tránsito de Mercurio de 1909 como do cometa Johannesburgo 1910a. Estas últimas foron publicadas no Anuario do dito Observatorio correspondente a 1912.

Entre 1911 e 1920 desprázase nos veráns ao Observatorio que Luis Ocharan tiña en Castro Urdiales, no que puido utilizar instrumental de gran calidade. As súas estancias en terras cántabras inducíronlle a crear o seu propio observatorio estable en Galicia, así coma concibir un método novedoso para o cálculo de coordenadas baseado na observación de pasos de estrelas por dous verticais perpendiculares e que logo plasmaría na súa tese de doutoramento. A instalación construída en Lalín en 1917 soe chamarse o segundo observatorio, xa que substitúe ao outro anterior na que comezara os seus traballos astronómicos. Este Observatorio tivo logo que modificalo en 1924 para dar cabida ao refractor Steinheil que chegou a Lalín ao ano seguinte con importantes modificacións suxestionadas por el.

Ao dispoñer deste novo instrumento amplia as súas investigacións ao estudo das estrelas dobres, tema do que pode ser considerado o seu introdutor en España. A gran meticulosidade coa que facía as súas observacións ábrele as portas de diversas revistas internacionais, sobre todo de *Astronomische Nachrichten* onde deu a coñecer numerosas series de medidas micrométricas. Descubriu catro estrelas dobres e foi autor da primeira órbita dunha estrela dobre calculada en España (STT 77) á que seguiron outras.

Ademáis publicou traballos sobre pasos por verticais, cometas, planetas, auroras, choivas de meteoros, tránsitos, eclipses, etc., así coma cuestións matemáticas: teoría parabólica dos erros, conxuntos e números finitos, indefinidos e transfinitos, sobre algúns principios da teoría de conxuntos e valores inadmisibles para unha media aritmética, que deron lugar a 76 contribucións científicas. ALGORITMIA, o seu primeiro libro é un compendio de análise matemática que apareceu en 1918, escribindo logo a petición de membros do Seminario de Estudos Galegos, do que formou parte, unha extensa biografía do seu paisano José Rodríguez, o matemático de Bermés.

Entre 1931 e 1934 publicou en galego na revista Logos, oito ensaios sobre temas astronómicos. As súas dotes en debuxo, relojería e deseño de instrumentación quedaron tamén reflectidas ao longo de toda a súa traxectoria. Chegou a dominar 7 idiomas.

En 1940, e grazas as xestións do seu discípulo Enrique Vidal Abascal ante o Reitor, ingresa como profesor de matemáticas na Universidade de Santiago de Compostela, da que deseguido sería catedrático de astronomía. Tres anos máis tarde, coa intervención do C.S.I.C., trasládase o seu observatorio de Lalín a Compostela, sendo nomeado director do mesmo. Nel crea unha importante escola de investigadores e dirixe cinco teses de doutoramento, as de Vidal Abascal, Cid Palacios, Mújica Buhigas, Zaera de Toledo e Ferrín Moreiras.

Tamén en 1943 é publicada a súa principal obra: INTRODUCCION A LA ASTRONOMIA, texto de referencia na universidade española durante anos, e cinco anos despois ve a luz unha obra súa de divulgación: ASTRONOMIA A SIMPLE VISTA. Na Asemblea Xeral da IAU celebrada en Zurich en 1948, ingresou na Comisión 26 (estrelas dobres) e a partir de alí formou parte da Comisión Nacional de Astronomía. Foi membro de varias sociedades científicas e recibiu numerosos nomeamentos tanto científicos como honoríficos, tendo ingresado xa en 1942 na Real Academia Galega como Membro Numerario. Insigne científico autodidacta; mestre de mestres, en reiteradas ocasións solicitou infrutuosamente o que lle prometeran ao trasladarse a Santiago, ou sexa un refractor de polo menos 30 cms de apertura, instrumento que consideraba imprescindible para ampliar o panorama de observación de estrelas dobres a pares máis pechados.

Faleceu en Lalín o 28 de marzo de 1966 aos 88 anos de idade.

A pesar de toda a súa gran bagaxe científica, pode dicirse que o seu mellor legado foi a súa bondade, modestia, humildade e dedicación aos demais, do que sempre fixo gala. En palabras de Vidal Abascal, a obra mestra de D. Ramón foi a súa vida. Os seus libros e publicacións científicas foron reeditadas recentemente pola USC